

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 29 DE SETEMBRO DE 2020

Ás 10:05 horas do día 29 de setembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 24 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Rubeñ Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 5 e 6)
D. Pablo Olmos Pita, vogal suplente do xefe da Área Xudicial (asiste ao punto 9)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes o 24 de setembro de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor".

A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda excluír deste procedemento a SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. por non acadan o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:

"Establécese un umbral mínimo de puntuación a acadar na fase de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor, polo cal estableceranse dous apartados



para a clasificación dentro deste criterios:

- a) *Ofertas con calidade técnica inadecuada. Serán todas aquelas proposicións que obteñan unha puntuación polo criterio avaliabile mediante xuízo de valor inferior ao 50 % da puntuación máxima do criterio.*
- b) *Ofertas con calidade técnica suficiente. Serán todas aquelas proposicións que obteñan unha puntuación polo criterio avaliabile mediante xuízo de valor igual ou superior ao 50 % da puntuación máxima do criterio.*

Aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación”.

Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliabile mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo unitario de hora ordinaria	Redución do prezo unitario de hora festiva	Redución do prezo unitario de hora nocturna
1	EULEN, S.A.	14,68	16,01	15,82
2	INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.	13,96	15,91	14,60
4	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.	14,22	15,49	15,32
5	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.	14,11	15,37	15,21
6	UNIUM SERVICIOS AUXILIARES	13,92	15,05	14,81

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á sesión D. Víctor Iván Sánchez Salinas con DNI ****.*53.67***, en representación de INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.; e D^a. Raquel Rodríguez Rodríguez, con DNI ****.*83.24***, en representación de EULEN, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:43	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA444-E9B531-B7A9B5-JS37BH-Q8E5YJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos (sorteo para desempate)

a) Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo letrado especialista na Orde Social, Civil, Contenciosa e Mercantil e o xefe da Área Xudicial o 24 de setembro de 2020 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula". A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe.

Segundo o previsto na cláusula 16.4 do PCAP, en acto público, procédese a realizar un sorteo para dirimir o empate producido no lote 2 entre D^a. BEGOÑA MILLÁN IRIBARREN e D^a. SAGRARIO QUEIRO GARCÍA.

Faise constar que o sorteo foi anunciado no perfil de contratante dando a posibilidade de asistir á sesión, tanto presencial como virtualmente. Asiste á sesión D^a. Begoña Millán Iribarren con DNI **. *02.57*.

A Mesa decide realizar o sorteo introducindo dúas bolas nun saco. Asígnase a bóla co número 1 a D^a. BEGOÑA MILLÁN IRIBARREN e a bóla co número 2 a D^a. SAGRARIO QUEIRO GARCÍA. A bóla que se saque en primeiro lugar corresponderase coa licitadora que quedará en primeiro lugar na clasificación entre as dúas ofertas, correspondendo á segunda bóla o segundo lugar.

A secretaria encárgase de ensinar ao público asistente que o saco está baleiro. Deposita as dúas bolas, axita o saco e saca sen mirar unha bóla. A primeira bóla correspóndese con D^a. SAGRARIO QUEIRO GARCÍA, correspondendo a segunda a D^a. BEGOÑA MILLÁN IRIBARREN.

Rematado o sorteo, a Mesa acorda, por unanimidade, dar traslado do informe do 24 de setembro de 2020 a D^a. SAGRARIO QUEIRO GARCÍA para que aclare o indicado no referido informe no prazo de tres días.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:43	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA444-E9B531-B7A9B5-JS37BH-Q8E5YJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		